



5º Festival



Bandas

chenchu

Banda de Sárria  
Banda de Silleda  
Banda de Ribadeo

**1999**  
Ribadeo, sábado 21 de agosto

ás 8,30 da tarde

na Praza de Abaixo



**BANDA-ESCOLA DE MUSICA DE SÁRRIA**

**Danzas do Príncipe Igor** ..... A. Borodin  
**A pantasma da ópera** ..... A. Lloyd Webber  
**Pontearreas** ..... R. Soutullo

—JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ—

Director

**BANDA MUNICIPAL DE SILLEDA**

**Ferraro** ..... A. López Artiaga  
**Candide (Obertura)** ..... L. Bernstein  
**Oregón** ..... Jacob de Haan  
**La Dolores (Jota)** ..... T. Bretón

—JAVIER VICEIRO—

Director

**BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO**

**El Barça** ..... Llano  
**El Camino Real** ..... Alfred Reed  
**Les Misérables** ..... C.M. Schonberg

—HERNÁN NAVAL—

Director

As orixes da **Banda de Sárria** remóntanse a 1870, cando na parroquia de Farbán aparece unha agrupación de só nove compoñentes. Anos máis tarde, un grupo máis completo chegou obter un 1º premio nun certame provincial de bandas.

A Banda sarriana chamouse sucesivamente Banda de Mendrós e Unión Musical Sarriana, até que unha asociación civil promoveu unha escola de educandos que foi e é cerne da agrupación actual. Foron directores da Banda-Escola de Música de Sárria, Andrés Piquero Cabrero, Enrique García Rey (prolífico autor de música de corte tradicional para banda) e Manuel Gato Soengas. En outubro de 1993 fíxose cargo da Dirección o mestre José Antonio González Rodríguez. Neste intre a Banda de Sárria fórmana uns cuarenta e cinco músicos.

A **Banda Municipal de Silleda** fundouse en 1888. Viviu unha época de esplendor na década dos cuarenta. En 1977 pechou os seus atri até que, 1985, un grupo de antigos compoñentes, apoiados pola Asociación Feiral Semana Verde de Galiza, o Concello de Silleda e os própios veciños, relanzaron a agrupación. Desde entón, foi dirixida por José Mª Fernández García, Manuel Molinos Rivas, José Angel Presa Carrera e, desde hai dous anos, Javier Viceiro Filgueira, Profesor Superior de Trompeta, membro fundador do Grupo de Metais «Santa Cecilia», profesor do Conservatorio de Pontevedra, colaborador da Orquestra Sinfónica de Galiza e da Real Filarmonía, etc. Desde a Banda Municipal de Silleda promoveuse a posta en funcionamento dunha Escola de Música.

A Banda Municipal de Silleda realizou a súa primeira grabación discográfica en 1998.

A **Banda Municipal de Ribadeo** presentouse en concerto o 25 de xaneiro de 1992. Ribadeo lle vaba sen banda trinta anos.

Nos seus primeiros sete anos de vida, a Banda Municipal de Ribadeo pasou dunha formación inicial de cuarenta compoñentes a un plantel de Banda Sinfónica de máis de oitenta.

Hai dous anos, a Banda Municipal de Ribadeo grabou o seu primeiro CD.

A Municipal ribadense está dirixida polo profesor Hernán Naval. Director ao tempo da Escola Municipal de Música, centro pioneiro en Galiza entre os das súas características, hoxe con douscentos alumnos. Hernán Naval ten estreado obras para coro e para banda.